



## COMUNICADO

Os acontecementos destes derradeiros días intranquilizábanos a todos. Perante esta situación estabamos o grupo daqueles que non desexábamos sementar máis desacougo do que xa había, e o deses aos que canto máis pánico e confusión houbera ou puidesen espallar, máis cómodos se atopan.

Organizar unha actividade leva aparellada a responsabilidade de honrar os compromisos adquiridos con terceiras persoas. Cando esas persoas confían en ti e arriscan os seus propios bens para satisfacer as túas necesidades, non é doado adoptar decisións, nin tampouco cabe decidir á lixeira ou ao chou.

Non obstante, en poucas horas os acontecementos precipitáronse e non cabía outra saída ca de suspender as competicións previstas para este vindeiro sábado. A situación agora é difícil e complicada para todos en tódolos aspectos, pero moitos entendérona e mesmo estaban dispostos a asumir o pago da súa parte do cebo. Non se aceptou. Será a Federación Galega de Pesca e Casting quen afronte esa perda, tampouco sería ético nin razoable imputarlle a quen nos serve ese cebo.

Ao longo destes días tiveron que aturar a algúns deses do “consellos vendo que para min non teño”. Mesmo algún chegou a darme a entender que él, no meu lugar, sabería o que había que facer sen dubidalo. Non estaría de máis que para a próxima pensase se a esa persoa lle interesa o que él lle teña que dicir, ou se realmente él ten toda a información que lle permita poñerse exactamente na pel do outro.

Para o desenvolvemento das competicións destas próximas semanas estamos suxeitos as decisións que nos transmitan as nosas autoridades, tanto nacionais coma autonómicas, médicas ou deportivas, por ilo non estamos nestes intres en medida de poder adiantar cales van ser os próximos pasos. Tan só dicirvos que, coma todos vos, somos uns prexudicados máis da suspensión do noso calendario deportivo, sobre todo porque o traballo para estas vindeiras competicións xa estaba feito.

Atentamente

O Presidente